

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de contratación, por procedemento aberto, da obra de execución subsidiaria de derruba parcial dun edificio (expediente 7295/407).

1. Entidade adxudicadora: a) Organismo: Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. b) Dependencia tramitadora: Servizos Centrais. c) Obtención de documentación e información: Servizos Centrais da Xerencia de Urbanismo; Praza do Rei, s/n 36202 Vigo. Teléfono: 986 81 03 46, fax: 986 22 47 80. Correo electrónico: urb.scentrais@vigo.org. Enderezo da internet del perfil del contratante: www.vigo.org. Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do proceso de presentación de proposicións. d) Número de expediente: 7295/407.

2. Obxecto do contrato: a) Tipo: obras. b) Descrición: obra de derruba parcial do edificio sito na rúa Santa Tegra, nº 71 (execución subsidiaria derivada do expediente 6.822/423). c) Lotes: non. d) Lugar de execución: Vigo. e) Prazo de execución: noventa (90) días.

3. Tramitación e procedemento: tramitación ordinaria e procedemento aberto.

4. Orzamento base de licitación: 219.947,39 euros (IVE ao 21 % incluído).

5. Garantías exixidas: provisional: non se exixe. Definitiva: 5 % do importe do contrato (excluído o IVE).

6. Requisitos específicos do contratista: a) Clasificación: non se exixe. b) Solvencia económico-financieira e técnica: a exixida no número 6 das follas de especificacións do contrato (FEC).

7. Presentación de ofertas: a) Data límite: o prazo remata aos 26 días naturais seguintes ao de publicación deste anuncio no BOP e no DOG. b) Lugar de presentación: Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, ata as 13.30 horas do último día do prazo. Praza do Rei, s/n, 36202, Vigo. c) Admisión de melloras: número 9 das FEC. d) Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses desde o día de apertura de proposicións.

8. Apertura de proposicións: anunciarase no perfil do contratante (Concello de Vigo-Xerencia Municipal de Urbanismo): www.vigo.org.

9. Gastos de publicidade: será por conta do adxudicatario ata a cantidade de 300 euros.

Vigo, 9 de xuño de 2014

M^a Carmen Silva Rego
Vicepresidenta

[Ir á anterior](#)[Ir á sección](#)[Ir á seguinte](#)